

Nas reunións de seguimento poderase pactar acordos sempre que non afecte o contido mínimo e esencial do convenio, sen necesidade de que posteriormente se inclúan como anexos do convenio.

Sétima: Vixencia e duración do convenio

O presente convenio de cooperación terá efecto dende a sinatura do mesmo ata o 30 de xuño de 2024. Para o caso de que non estiveran rematados os traballos no prazo inicialmente previsto, poderá prorrogarse por acordo expreso das partes anualmente, como máximo ata o 30 de xuño de 2026.

Oitava: Inicio colaboración

Unha vez asinado o presente protocolo convenio por tódalas partes, a Fundación Érguete Integración exercerá as labores de coordinación e interlocución desta colaboración múltiple para o correcto desenvolvemento dos traballos.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución de presidencia número 12044 do 25 de marzo de 2024.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, é asinado polas partes comparecentes no lugar e data que se indican no encabezamento.

**A REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: Eudoxia María Neira Fernández

O REPRESENTANTE DA EMPRESA FINSA

Asdo.: Fernando Segade Castro

**O REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN
ÉRGUETE-INTEGRACIÓN**

Asdo.: Rubén Cagiao Avendaño

**O Secretario Accidental da Deputación Provin-
cial da Coruña**

Asdo.: Miguel Iglesias Martínez



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**



FUNDACIÓN
ÉRGUETE-INTEGRACIÓN

Finsa

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 23 /2024

CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN E A EMPRESA FINSA PARA A COLABORACIÓN NO SERVICIO A COMUNIDADE "ENTRE PATIOS": DESEÑO E ELABORACIÓN DE ELEMENTOS DE PATIOS DESTINADOS A CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA (CEIP) DA PROVINCIA

Na Coruña, a 12 de abril de 2024

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Accidental da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS/AS:

A representante da Deputación Provincial da Coruña, Dona Eudoxia María Neira Fernández, actuando de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Don Rubén Cagiao Avendaño, como representante da FUNDACION ÉRGUETE-INTEGRACION, C.I.F. nº G-36861078, con domicilio social en Martínez Garrido, 21, Int. de Vigo,

Don Fernando Segade Castro, con N.I.F nº 34981185W , como representante de la Empresa Finsa, con C.I.F. nº A-15005499, con domicilio social en Carretera Nacional 550 km 57. E 15707 - Santiago de Compostela,

As partes interveñen na representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñecéndose capacidade e lexitimación bastantes en dereito para outorgar e asinar o presente convenio, e a tal fin

MANIFESTAN:

O seu interese por colaborar conxuntamente a Fundación Érguete Integración, a Deputación Provincial a través do IES Rosalía Mera e a empresa Finsa na procura da creación de espazos máis integradores nos patios dos centros educativos por parte de persoas usuarias da Fundación Érguete Integración mellorando as súas competencias persoais e laborais.

Este interese nace xa no 2020 coa crise do COVID-19, cando a Fundación Érguete Integración é consciente das consecuencias persoais e de convivencia que provocan as estritas limitacións impostas, e fai unha comparativa entre dous colectivos moi afectados, como son as persoas privadas de liberdade e a infancia. Estes dous colectivos viron moi afectados os

seus espazos comúns e con iso a interacción e convivencia, obxecto prioritario destes espazos.

É neste momento, no que se inicia a colaboración coa empresa Finsa e o profesorado do departamento de Madeira e Moble do IES Rosalía Mera, para desenvolver un servizo para mellorar a convivencia nos espazos comúns dos centros, deseñando propostas para diversificar o seu uso e fomentar a integración. Para conseguilo, creouse unha rede de traballo na que participou toda a comunidade educativa do CEIP Torre de Hércules, a empresa de madeira Finsa, o profesorado do departamento de madeira e moble do I.E.S. Rosalía Mera, Arquitectura sen Fronteiras, o Centro Penal de Teixeira e o Centro de Inserción Social de A Coruña.

Esta pequena proposta permitiu consolidar a colaboración que se formaliza a través do presente convenio, e ampliar o seu impacto social dos colectivos implicados, tanto para axudar a humanizar patios de colexios como para mellorar as competencias prelaborais implementando dinámicas que lles permitan participar da comunidade, coñecendo as súas necesidades e darlles resposta, creando vínculos máis sans coa sociedade.

Esta colaboración quere dar como resultado o deseño e creación de elementos de patio co obxectivo de mellorar a convivencia e integración dos espazos comúns dos centros educativos. Isto desenvolverase en diferentes fases:

1ª fase: O Departamento de Madeira e moble do IES Rosalía Mera deseñará os prototipos de mesas de pícnic exteriores e murais decorativos de árbores con casas de paxaros e insectos.

2ª fase: Formación das persoas usuarias da Fundación Érguete Integración na produción destes deseños.

3º fase: Doazón da madeira para a produción dos deseños por parte da empresa Finsa.

4º fase: Produción de todos os elementos de patio acordados.

5º fase: Distribución e entrega a os centros escolares.

Desta maneira, creando sinerxias, non só conseguimos sensibilizar sobre a problemática ao resto da sociedade, se non que se implica no proceso de cambio. Ademais, realízase unha labor de sensibilización e conciencia acerca da capacidade que cada individuo ten para mellorar a vida dos demais.

Dado o interese coincidente de tódalas partes,

ACORDAN:

Primeira. Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio é establecer as bases da colaboración entre o I.E.S Rosalía Mera, a empresa de madeira Finsa e a Fundación Érguete Integración para o desenvolvemento do servizo a comunidade “Entre Patios” no que se pretende a elaboración de elementos de patios, tales como mesas de pícnic y murais decorativos de árbores, por parte de persoas usuarias da Fundación Érguete Integración, na que o alumnado e profesorado do IES Rosalía Mera se comprometen a participar na fase de deseño dos elementos e formación na súa produción das persoas usuarias da Fundación Érguete Integración, e a empresa Finsa a doar a madeira adecuada e necesaria para a creación de ditos elementos previamente determinados e acordados polas partes que colaboran.

Segunda. Compromiso das partes

Os traballos realizaranse durante o curso escolar 2023-24, podendo prorrogarse durante os cursos seguintes se así o acordan tódalas partes ou ata a finalización dos traballos comprometidos.

Sen prexuízo de posteriores actuacións, os traballos concentráronse en aqueles elementos acordados entre a Fundación Érguete Integración e as entidades educativas que participan da actividade “Entre Patios”

A Fundación Érguete- Integración comprométese a actuar como intermediaria e coordinadora do compromiso acadado por tódalas partes, facendo labores de cooperación e colaboración en todo momento, así como manter unha comunicación aberta e continua entre tódolos axentes implicados, xestionar o correcto desenvolvemento do acordo e xestionar as accións nos tempos establecidos previamente. A Fundación Érguete- Integración comprométese ao mesmo tempo a que os elementos se elaboren en tempo e forma determinados coas entidades educativas participantes do servizo.

O Departamento de Madeira e moble do IES Rosalía Mera, comprométese a deseñar os elementos acordados e formar un grupo de persoas usuarias da Fundación Érguete Integración para dotarlles das capacidades necesarias para a produción dos deseños acordados.

A empresa Finsa comprométese a facilitar a madeira necesaria e adecuada para a elaboración dos deseños previamente acordados. A cantidade de madeira virá determinada polo número de elementos acordados entre a Fundación Érguete Integración e os centros educativos participantes e a estimación tendo en conta o seu deseño por parte do Grao Medio en Instalación e Amoblamento do IES Rosalía Mera, co visto e prace da empresa Finsa.

Terceira. Medios Humanos

Os traballos de deseño de prototipos serán levados a cabo cos medios humanos que forman a comunidade educativa do Rosalía Mera, en concreto, o profesorado e alumnado do Grao Medio de Instalación e Amoblamento; unha persoa da Fundación Érguete Integración que exerza as tarefas de coordinación entre a empresa Finsa e o IES Rosalía Mera, e un profesor do departamento de madeira e moble do IES Rosalía Mera que planifique, supervise e dirixa os traballos a realizar polo alumnado de acordo coas directrices da persoa coordinadora, e que sirva de interlocutora entre o IES Rosalía Mera, Finsa e Fundación Érguete Integración.

Cuarta: Protección de Datos.

Todos os afectados polo presente convenio virán obrigados polas disposicións e esixencias establecidas polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Quinta: Difusión.

Sen prexuízo do cumprimento das disposicións de aplicación en materia de publicidade e transparencia en relación coa subscripción do presente convenio, as partes comprométese a destacar en cantas accións realicen para difusión das actividades obxecto deste convenio, a colaboración da Deputación Provincial da Coruña.

Sexta: Comisión de seguimento e control.

Para o adecuado seguimento, coordinación, control e interpretación do establecido no presente convenio, cada parte implicada designará unha persoa responsable do seguimento dos compromisos adoptados. As persoas designadas se comprometen a manter unha comunicación aberta e continua para un desenvolvemento eficaz da colaboración.